Durante a realización dos proxectos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de

aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.

O desenvolvemento de proxectos que teñan por obxectivo a creación de aplicacións sinxelas que resolvan problemas, afondarán no coñecemento do pensamento computacional.

A difusión dos contidos dixitais creados en plataformas dixitais, promovera a liberdade de expresión o respecto polos demais e aplicando as normas da etiqueta dixital.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| Ordenador persoal - dispositivos dixitais.   |
| Aula virtual do centro ou do plan Edixgal.   |
| Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática....) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre. |
| Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.   |

Cada alumno/a terá acceso en todas as clases a un ordenador, no que se atopen instalados todos os programas informáticos necesarios e terá tamén conexión de Internet. Tamén cada alumno/a terá acceso aos dispositivos dixitais necesarios para o seguimento das unidades didácticas propostas.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizaráse unha pequena proba práctica no ordenador ao comezo de curso, para avaliar os coñecementos básicos relacionados.

Esta proba inicial non computará de ningunha maneira nas cualificacións da avaliación, pero servirá para saber de onde partimos, pois hai que ter en conta que o alumnado chega a esta materia sen unha formación específica concreta, aínda que teñen coñecementos considerables, aínda que moi desorganizados e pouco rigorosos, propios dunha mocidade bastante dixitalizada principalmente para o seu ocio e socialización.

Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións, tanto para afondar nos aspectos que vexamos máis necesarios como para alixerar aqueles contidos nos que vexamos moita soltura e coñecemento xa por parte do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-----------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|-------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | 5    | 10   | 10   | 10   | 10   | 20   | 5    | 20   | 5    | 5     |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100   |

| Unidade didáctica           | Total |
|-----------------------------|-------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | 100   |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 100   |

### Criterios de cualificación:

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos otorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos otorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

Cálculo da nota final:

Nota final = 33% da 1ª avaliación + 33% da 2ª avaliación + 34% da 3ª avaliación

A nota da avaliación trimestral será o resultado da correcta asimilación dos contidos, das capacidades e competencias básicas acadadas polo alumno, así como o esforzo realizado na súa procura. Para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe recorrerase ás probas escritas, probas obxectivas, terase presente o diario de clase coas anotacións do profesor sobre os progresos, traballo e resultados do alumnado, ademais da observación directa diaria dos esforzos e das actividades que se fagan na aula durante o trimestre. Para facer isto de xeito adecuado as primeiras sesións adicaranse a coñecer o nivel medio da clase, para desta maneira partirmos dun nivel adecuado ao grupo.

Así, o criterio de cualificación será a suma ponderada das medias dos resultados do alumnado nos diferentes instrumentos de avaliación:

1. 60% Proba escrita e sobre o ordenador sobre os estándares de aprendizaxe traballados en cada avaliación,
2. 30% Traballo de aula (en base as anotacións do libro diario do profesor e a rúbrica que especificamos máis abaixo),
3. 10% Traballo para entregar ou para expoñer individualmente ou en grupo (grupos de 2 ou 3). Cando os alumnos-as fagan un traballo en grupo valorarase a participación de cada un á hora de expoñer o traballo diante dos compañeiros-as (falar en público, manexo das novas tecnoloxías, asimilación de contidos traballados...) polo que a nota pode variar dun membro do grupo con respecto aos outros.

Nota: se nunha avaliación non se procedera a elaboración de traballos a porcentaxe do 10% dese apartado C

repartiríase do seguinte modo; 5% pasaría a computar no apartado A e o 5% no B, quedando polo tanto o A = 65% e o B = 35%

Nota Avaliacións:

Traballo de aula: (30% ou 35% segundo proceda)

Ao final de cada trimestre o alumnado será avaliado polo traballo na aula durante a avaliación, e será cualificado segundo as notas obtidas ao longo do trimestre polas tarefas desenvolvidas na aula e as que se manden rematar ou facer na casa. Desas cualificacións farase a media aritmética (no caso de ponderar algunha tarefa máis, sempre será con previo aviso ao alumnado), sendo a rúbrica que se especifica abaixo unha nota máis a engadir para o cálculo desa media.

TRABALLO DE AULA (30% ou 35% segundo corresponda)

Indicador: Nivel de traballo na aula

Entre 0 e 1: Non realiza as actividades propostas ou as realiza moi insatisfactoriamente. Ten que ser chamado á orde todos os días por molestar o traballo dos demais

Entre 1 e 2: Realiza as actividades de maneira incompleta e prexudica puntualmente o traballo dos compañeiros-as. Ten que ser chamado á orde de vez en cando

Entre 2 e 3: Realiza as actividades de maneira imprecisa, pero traballa adecuadamente e consulta as dúbidas cos compañeiros-as e/ou co profesor

Entre 3 e 4: Realiza as actividades de maneira satisfactoria, traballa adecuadamente e consulta as dúbidas cos compañeiros-as e/ou co profesor e axuda aos demais a superar os posibles atrancos. Acaba o traballo no tempo estipulado

Entre 4 e 5: Realiza as actividades de maneira moi satisfactoria, traballa concentrado-a e consulta as dúbidas cos compañeiros-as e/ou co profesor e axuda aos demais a superar os posibles atrancos. Remata sempre en tempo e adica o tempo sobranste a axudar aos demais ou a ampliar os coñecementos adquiridos

Nesta rúbrica poderá obter un máximo de 10 (multiplicamos a nota da rúbrica por 2)

Para acadar o aprobado (4,5) facendo media entre as partes, o alumno-a nunca poderá obter en ningunha delas unha nota inferior a 3.5. Dado o caso dun alumno que obteña de media unha nota igual ou superior ao 4,5 pero cunha das partes valorada por debaixo do 3.5, ese alumno-a sempre acadará un 4 como nota da avaliación correspondente. Neste caso ese alumno-a só tería que recuperar a parte que teña valorada por debaixo do 3.5 (no caso de ser o traballo de aula a parte valorada por debaixo dese límite o alumnado poderá recuperar esa parte se na seguinte avaliación amosa unha melloría no seu traballo diario e volva a entregar as tarefas que teña por debaixo de 5 ao longo do trimestre). A nota que levará no boletín será redondeada co seguinte criterio:

|                                |                                |
|--------------------------------|--------------------------------|
| 1 cando obteña menos de 1,5    | 6 cando obteña entre 5,5 e 6,5 |
| 2 cando obteña entre 1,5 e 2,5 | 7 cando obteña entre 6,5 e 7,5 |
| 3 cando obteña entre 2,5 e 3,5 | 8 cando obteña entre 7,5 e 8,5 |
| 4 cando obteña entre 3,5 e 4,5 | 9 cando obteña entre 8,5 e 9,5 |
| 5 cando obteña entre 4,5 e 5,5 | 10 cando obteña entre 9,5 e 10 |

A Nota Final da Avaliación Ordinaria acadada por cada un dos alumnos será a obtida ao facer a seguinte media: 1º Trimestre= 33 %, 2º Trimestre= 33%, 3º Trimestre= 34%. A este respecto as notas de cada trimestre non serán as redondeadas que aparecen no boletín do alumno, senón as que obran no caderno de notas do profesor redondeadas a dous decimais.

O alumnado que empregue métodos fraudulentos nos exames (copiar por compañeiros-as, utilizar calquera método tecnolóxico ou artesanal de copia...) e sexa sorprendido-a no intento, se lle retirará o dereito a ser avaliado e cualificado nas preguntas que se consideren que pretendía "copiar", obtendo como nota nesa-s pregunta-s "0". Por outra parte, se é posible comprobar que o alumno-a copiou sen ser sorprendido-a no momento, pero tendo probas

suficientes para demostrarse, procederase a avaliar a pregunta que se considere “copiada” cun “0”. Isto aplicarase tanto nas probas específicas de avaliación, como nas probas e nos traballos individuais.

Por outra parte seguiremos aplicando o criterio común acordado polo claustro de descontar a partir da quinta falta ortográfica nas distintas probas e traballos presentados. Así, a partir da 5ª descontaremos 0.05 por cada dúas faltas propias e 0.05 por cada falta copiada.

Período extraordinario entre a 3ª Avaliación e a Final

Este período de aproximadamente 6 sesións, será adicado a repasar o contidos que poidan ter pendentes parte do alumnado, ás tarefas que aínda poidan ter avaliadas negativamente ou os traballos pendentes de entregar. O obxectivo deste período será que o alumnado que teña algunha avaliación suspensa volva a presentar as tarefas e/ou presentarse ás probas de recuperación que se establezan nos días finais de curso.

O alumnado que teña xa aprobado o curso trala 3ª avaliación poderá optar a subir a nota presentando as partes nas que se considere que pode mellorar e/ou presentándose á proba que se lle sinalará oportunamente. Neste caso o alumno-a nunca poderá baixar a súa media previa á realización desas tarefas e/ou probas.

O alumnado que xa non poda optar ao aprobado desta maneira terá unha última oportunidade se cumpre os requisitos indicados no aparatado de abaixo (Criterios de recuperación)

### **Criterios de recuperación:**

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

Nas últimas semanas do curso, o alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas obxectivas de recuperación no ordenador daquelas unidades didácticas que non superase no seu momento.

A recuperación realizarase por cada unidade didáctica. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

Nota importante: o alumnado que non conseguira aprobar as avaliacións ordinarias nin no seu momento nin coas probas de recuperación que se lles farán ao longo da seguinte avaliación, e facendo a media final non consiga o aprobado, terá unha última proba extraordinaria na semana fiinal do curso, proba que versará sobre todas as unidades didácticas traballadas. Só poderá acceder a esta proba se ao longo do curso entregou as tarefas de cada avaliación e ten nelas unha media de aprobado nas mesmas.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Entre outras, contéplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación
- Desdoblamento de grupos
- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento



- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.)
- Adaptacións curriculares

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura                                  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita                                | X    | X    |      |      | X    | X    | X    |      |
| ET.3 - Comunicación audiovisual                                |      | X    | X    | X    | X    | X    | X    |      |
| ET.4 - Competencia dixital                                     | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial                      |      |      |      |      | X    |      |      |      |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico                |      |      | X    | X    | X    |      |      |      |
| ET.7 - Educación emocional e en valores                        |      |      |      |      |      |      |      |      |
| ET.8 - Igualdade de xénero                                     |      |      |      |      |      |      |      | X    |
| ET.9 - Creatividade  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - Educación para a saúde                                 |      |      |      |      |      |      |      |      |
| ET.11 - Formación estética                                     | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable |      |      |      |      |      |      |      |      |
| ET.13 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais               |      |      |      |      |      |      |      | X    |

|                                 | UD 9 | UD 10 |
|---------------------------------|------|-------|
| ET.1 - Comprensión de lectura   | X    | X     |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X    | X     |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X    | X     |
| ET.4 - Competencia dixital      | X    | X     |

|  | UD 9 | UD 10 |
|--|------|-------|
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial                      | X    | X     |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico                |      |       |
| ET.7 - Educación emocional e en valores                        | X    | X     |
| ET.8 - Igualdade de xénero                                     | X    | X     |
| ET.9 - Creatividade  | X    | X     |
| ET.10 - Educación para a saúde                                 | X    |       |
| ET.11 - Formación estética                                     | X    | X     |
| ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable |      | X     |
| ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais              | X    | X     |

**Observacións:**

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas plantexados.

Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica, tamén traballarase técnicas de comunicación de ideas.

Comunicación audiovisual: presentación de proxectos mediante creacións audiovisuais.

Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.

Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos.

Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos.

Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos fomentará o traballo en equipo.

Igualdade de xénero: buscarase o reparto axeitado de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos, evitando nos proxectos os nesgos de xénero, e aplicando criterios de igualdade.

Creatividade: desenvolvemento de proxectos.

Educación para a saúde: Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade.

Formación estética: deseño e presentación dos traballos e proxectos.

Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade.

Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade                                   | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Saídas didácticas relacionadas coa materia.  | Saídas didácticas relacionadas coa materia.  | X        | X        |          |
| Andainas relacionadas co CP EduSostibilidade | O alumnado de Dixitalización participará activamente no Contrato Programa de EduSostibilidade que se desenvolve este curso no centro | X        | X        |          |
| Visita a Sogama                              | Dentro do CP EduSostibilidade o alumnado de 3º ESO, 4º ESO e FP Básica II realizará unha visita ás instalacións de Sogama            |          | X        |          |

### Observacións:

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos desenvolvidos nas distintas unidades didácticas do curso.

Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

Para cada actividade complementaria indicaranse, entre outras, as seguintes características. Cubrirase formulario e entregarse en Videdirección no Departamentode Actividades Extraescolare e Complementarias:

- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.

O CP EduSostibilidade ten como eixo vertebrador facer partícipe a toda a comunidade educativa da importancia do bo uso dos recursos e da correcta reciclaxe. A base é a Regla das tres Erres. Unha parte fundamental do proxecto é o desenvolvemento, xestión e actualización da App que temos elaborada, co cal este alumnado de Dixitalización é parte esencial do CP.

- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico   |
| A selección e temporalización de contidos foi axeitada.  |
| As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.   |
| As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas.  |
| Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.                              |
| Metodoloxía empregada  |
| Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.  |
| Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica.... |
| Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.                             |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos   |
| Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.  |
| Medidas de atención á diversidade  |
| As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.   |
| Clima de traballo na aula  |
| O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.  |

|   |
|---|
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais  |
| Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma. |
| Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.  |
| Outros  |
| Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.  |

### Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican. Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual do centro ou na do plan Edixgal.

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano co fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma.

O profesor irá programando sesión a sesión a materia a impartir e o traballo que se vai levar a cabo. Irase cotexando a posible desviación entre o programado e o realmente feito, buscando os motivos de dicha desviación (variación realizadas nas actividades, problemas de tempo, ritmos propios de aprendizaxe,...). As anotacións feitas no día a día irán servindo para ir levando a cabo as oportunas correccións da programación ao ter que adaptala á realidade do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado en cuestión. Faremos que esta programación sexa sempre un ente vivo, revisable e renovable. Recollerase información do propio alumnado para obter conclusións construtivas que permitan valorar dende diferentes ópticas a programación didáctica e a súa aplicación.

Empregaremos as distintas sesións de departamento, de avaliación e CCP para ir tomando nota dos distintos factores que poden estar incidindo no proceso de ensino-aprendizaxe dos distintos alumnos-as e grupos. Manteremos tamén continuo contacto co departamento de Orientación para tratar de poñer remedio ás distintas desviacións que ese estean a dar nas aprendizaxes do alumnado e que trascendan máis alá do que atinxe a este departamento

Prestarase atención á porcentaxe de alumnos que nas distintas avaliacións queden coa materia pendente. Compararemos os resultados con anos anteriores e recolleranse, na memoria final, os aspectos máis relevantes das problemáticas que afecten á desviación da programación, plasmando os resultados das avaliacións ordinaria e extraordinaria.

En xeral, para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe teremos presente os seguintes items:

- Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.
- Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral.
- Establece medidas que permitan introducir melloras.
- Fai posible a retroalimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras.
  - Establece un adecuado ambiente de comunicación co alumnado que lle permita a este aclarar todo tipo de dúbidas
  - Proporciona indicacións durante as interpretacións, realización de traballos, exercicios, gravacións...
  - Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo.
- Favorece os procesos de autoavaliación.
- Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe.
  - Informa con claridade e transparencia desde o principio de curso cales son os criterios de avaliación e de cualificación.
- Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos.

- Fomenta un bo ambiente na aula
- Promove a participación activa do alumnado.
- Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado.
- Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.
- Selecciona prácticas, traballos e actividades que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave

Outro bloque de items a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avalíaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

## **9. Outros apartados**